PAYPAL

PayPal é un método seguro de pago por internet no que non é preciso revelar os datos bancarios nin os dunha tarxeta de crédito ou débito a cada proveedor cando se realiza a compra.


De seguido imos ver como crear unha conta en PayPal.

1. Abrimos o navegador e accedemos á páxina web de PayPal en España:


www.paypal.es




Ao premer en *Crear cuenta gratis* accedemos a unha páxina web na que temos que escoller entre crear unha conta para particulares ou ben para empresas. Esta última está indicada para empresas que vendan produtos en Internet. No noso caso, queremos usar PayPal para facer pagos de compras polo que escollemos a opción de particulares:



2. Premendo no botón *Crear cuenta* para particulares, aparece un formulario no que teriamos que encher unha serie datos e onde seremos identificados por un enderezo de correo electrónico. Engadimos os datos do noso centro:




Podemos xa nun primeiro momento vincular a nova conta de PayPal a unha tarxeta de crédito ou débito (soamente teriamos que marcar a casilla de *Vincular mi tarjeta...*) . Nese caso, aparecerán varias opcións para engadir os datos da tarxeta, tal e como se ve na seguinte imaxe:



Ou ben podemos seguir creando a conta de PayPal xa que despois teremos a posibilidade de asociar as dúas cousas (a conta bancaria e a tarxeta de crédito ou débito):



3. Se queremos vincular o número de conta bancaria debemos facer o seguinte:



Unha vez feito isto podemos tamén vincular a tarxeta de crédito ou débito (<u>algún provedor</u> ten ese requisito e non deixa pagar se a conta de PayPal non ten unha tarxeta asociada).


Esixe tamén por motivos de seguridade unha confirmación da conta bancaria:



Non podemos mercar usando esta conta de PayPal ata que a mesma sexa verificada. No caso de ter vinculada unha tarxeta de crédito ou débito si que podemos facer uso inmediato de PayPal para pagar o importe dunha compra.

Como indica a imaxe anterior, para verificar a conta de PayPal temos que esperar a que nos fagan 2 pequenos ingresos duns céntimos na conta bancaria (1 ou 2 días laborables).


Na seguinte imaxe podemos apreciar una vista da nosa conta de PayPal onde indica o estado actual da mesma. Neste caso, vemos que está pendente de verificar:




Nunha imaxe anterior observamos que para verificar a conta de PayPal temos que esperar a que nos fagan os ingresos na conta bancaria. Aquí vemos que xa foron recibidos:


F. VALOR	F. CONTABLE	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
23-06-2014	23-06-2014	ORDEN EXTRANJE PAYPAL EUROPE S.A.R.L. ET CIE S.C.A	0,18
23-06-2014	23-06-2014	ORDEN EXTRANJE PAYPAL EUROPE S.A.R.L. ET CIE S.C.A	0,13

5. Colocamos os céntimos no lugar que corresponde para que a conta de PayPal quede definitivamente activada:




Comprobamos que agora aparece unha mensaxe de conta de PayPal verificada e tamén vemos que mudou o estado da mesma:






6. Para non ter problemas con algún proveedor, podemos vincular tamén unha tarxeta de crédito ou débito:




Se todo foi ben, neste punto xa temos a conta de PayPal creada. Se queremos ver os datos da mesma, accedemos ao noso perfil e logo escollemos a información que desexamos visualizar, tal e como se ven nas seguintes imaxes:

Información da conta:



Información financeira: comprobamos que temos un número de conta e unha tarxeta asociada



COMO PAGAR CUNHA CONTA DE PAYPAL

Imos ver un exemplo de como facer unha compra nunha páxina típica de compras en Internet como é *ebay*. Neste exemplo imos adquirir un tóner de impresora.


1. Procuramos o modelo de tóner:




2. Como xa podemos facer a compra, identificámonos con ebay:




3. De seguido pasamos á forma de pago con PayPal:




4. A continuación poñemos a dirección de envío e xa pasamos a seleccionar o tipo de pago:



Se elixísemos pagar directamente cunha tarxeta de crédito ou débito teriamos que dar os datos da mesma directamente ao provedor empregando a opción de PayPal; non temos que proporcionar máis datos.




Aínda que dispoñemos de dúas opcións de pago con PayPal (cargo en conta e tarxeta) non todos os provedores aceptan esa opción. Como vemos na imaxe anterior, neste caso só está dispoñible a opción de tarxeta. Vemos a continuación a información que nos da para explicar a razón de non aceptar outras formas de pago:



5. Despois de realizar as compras recibimos información do pedido confirmado:



Agora, a aparencia da nosa conta de PayPal é a seguinte:




Ao premer en **Detalles** aparece toda a información dun pedido realizado:

Mi cuenta	nviar dinero	Solicitar dinero	Servicios para	vendedores He	erramientas de su	ıbasta Ser
escripción gene	ral Añadi	r fondos Retirar	Historial Centro	de resoluciones	Perfil	
Det	talles d	le transacció	n			
Pago	con Pago e	xprés enviado (1d. de tr	ansacción exclusiv	o n.º 9R550957LA3	377882S)	

Conte	enido del ca	rro de la compra				
	Cantidad	Artículo		Opciones	P	Precio
	1	Toner compatible NON OEI TN2220 HL-2250 , HL-225 Artículo n.º 25126525945	0 DN , HL-2270 DW		€12,4	49 EUR
				li	mporte €12,4	49 EUR
		ontacto de la empresa ónico del Servicio de <u>b</u> Atención al Cliente:		mail.com		
Tel	éfono del Se	rvicio de Atención al	-34 911836402			
		Total artículos: €	12,49 EUR			
		Impuesto de ventas:	0 00 EUD			
Des	scuentos o o	Envio: € cargos del vendedor: €	60,00 EUR 60,00 EUR			
******		Cantidad total:	€12,49 EUR			
		Cuantía de la tarifa: €	0,00 EUR			

E ao premer no símbolo + que está xunto á data do pedido aparece unha liña coa transacción:



Premendo en **Detalles** da liña da transacción aparece a información do pago:

Detalles de transacción

Cargo de tarjeta de crédito (Id. de transacción exclusivo n.º 10P861807K968115Y)

Transacción original					
Fecha	Tipo	Estado	Detalles	Importe	
26 jun 2014	Pago Para Brama Hispania S.L.	Completado	<u>Detalles</u>	-€12,49 EUR	

Transacción relacionada					
Fecha	Tipo	Estado	Detalles	Importe	
26 jun 2014	Cargo de tarjeta de crédito	Completado		€12,49 EUR	

Cantidad total: €12,49 EUR

Cuantía de la tarifa: €0,00 EUR

Importe neto: €12,49 EUR

Fecha: 26 jun 2014 Hora: 11:21:47 CEST Estado: Completado

Se ha completado la transferencia desde su tarjeta de crédito a su cuenta

PayPal.

Asunto: Tarjeta de crédito Fuente de fondos: Tarjeta de crédito

Transferir de: Visa: tarjeta de débito XXXX-XXXX-XXXX-5006 Esta transacción aparecerá en su factura como "PAYPAL *BRAMAHISPAN".